

## ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NA RÚA SAN MARCOS E ENTORNO

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 11:00 horas do día 28 de agosto de 2017, constitúese a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de Mellora do saneamento e pavimentación na rúa San Marcos e entorno, presidida por Manuela Fernández Louro, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretaria da mesa Angélica Ayala Oca, auxiliar administrativo do concello.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 317/2017, do 17 de xullo, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Mellora do saneamento e pavimentación da rúa San Marcos e entorno, mediante procedemento aberto ( con multiplicidade de criterios de adxudicación) e cun orzamento de 79.999,99 € ( 66.115,69 € e 13.884,30 IVE), publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 137, do xoves 20 de xullo, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constan as seguintes ofertas:

|  |                              |
|--|------------------------------|
| Excavaciones POSE S.L.   | N.R.E. 1171 do 9 de agosto   |
| Construcciones Cernadas S.L.                                     | N.R.E. 1208 do 14 de agosto  |
| Excavaciones y Obras Melchor S.L<br>EXCOMEL                      | N.R.E. 1229 do 14 de agosto  |
| Movimientos de áridos y construcciones de<br>Arosa S.L. MARCONSA | N.R.E. 1226 do 14 de agosto  |
| Búa Construcciones y Servicios S.L.                              | N.R.E. 1252 do 16 de agosto  |
| Construcciones D. Ogando S.L.                                    | N.R.E. 1248 do 16 de agosto  |
| Construcciones Alejandro Martínez e Hijos<br>S.L.                | N.R.E. 1265 do 17 de agosto  |
| Mecano Obras y Reformas S.L.                                     | N.R.E. 1278 do 18 de agosto. |

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 367/2017, do 21 de agosto, convócase á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública e, se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, proceder acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliábeis de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

**Comprobados os documentos achegados polas empresas presentadas á licitación no SOBRE A, Documentación Administrativa, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, admitir a todas as empresas presentadas.**

**De seguido procédese á apertura do SOBRE B, Referencias técnicas, acordándose por unanimidade dos membros presentes, solicitar informe técnico, aos efectos de valoración das ofertas presentadas.**

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

Manuela Fernández Louro

A SECRETARIA DA MESA

Angélica Ayala Oca

VOGAIS:

O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

A SECRETARIA INTERVENTORA

Irene Suárez López